

DOMINGO XXV DEL TIEMPO ORDINARIO (C)

PRIMEIRA LECTURA Am 8, 4-7

Lectura do libro de Amós

Escoitade isto, vós que asoballáde-lo pobre e extermináde-la xente humilde do país; vós que dicides: "¿Cando pasará o festivo da lúa nova para vendérmo-lo trigo e o sábado para fornece-lo gran traficando ata co farelo, para merma-la medida, aumentalo prezo e defraudar con balanza falsa, para mercarmos por diñeiro o mendigo e o pobre pola débeda dun par de sandalias?" Xura o Señor pola soberbia de Xacob: "Endexamaís esqueceréi os seus delictos.

SALMO RESPONSORIAL Sal 112, 1-2. 4-6. 7-8

Loade, servos do Señor,
loade o nome do Señor.
Bendito sexa o nome do Señor,
agora e por sempre.

Sobre tódolos pobos é excelso o Señor,
sobre o ceo a súa gloria.
¿Quen se compara ó Señor, noso Deus,
que habita nas alturas
e se inclina para mirar
polo ceo e pola terra?

El ergue do po os indixentes,
levanta da varredura os pobres,
para lles dar asento cos príncipes,
cos príncipes do seu pobo.

SEGUNDA LECTURA 1 Tim 2, 1-8

Lectura de Primeira carta do Apóstolo San Paulo a Timoteo

Benquerido irmán: Rogo primeiro de todo que se fagan peticións, oracións, súplicas, accións de gracias en favor de toda a xente, polos reis e por tódolos que ocupan altos cargos, para que poidamos ter unha vida calma e serena baseada na piedade e na decencia. Isto é fermoso e grato a Deus noso Salvador. El quere que tódolos homes se salven e cheguen ó coñecemento da verdade. Porque hai un único Deus e un único mediador entre Deus e os homes: o home Cristo Xesús, que se entregou como rescate por todos. Tal é o testemuño dado no tempo oportuno. A min fíxome o seu pregoeiro e apóstolo -digo a verdade e non minto-, mestre dos xentís na fe e na verdade. Por iso quero que en tódolos sitios recen os homes levantando as mans limpas, sen ira nin discusións.

EVANXEO Lc 16, 1-13 (longa)

Lectura do Santo Evanxeo segundo Lucas

Naquel tempo, díxolles Xesús ós seus discípulos: - Dunha vez había un home rico que tiña un administrador, do que lle foron contar que estaba a lle acabar cos bens. Chamou por el e díxolle: "¿Que é iso que sinto falar de ti? Dáme conta da túa administración, que quedas despedido". O administrador púxose a cavar: "¿E agora que vou facer, que quedo sen traballo? Cavar, non podo; e botarme a pedir, dáme vergonza. ¡Ora! ¡Xa sei o que vou facer para que cando me despidan haxa quen me acolla na súa casa!".

Vaise, e chama por cada un dos debedores do seu amo e pregúntalle ó primeiro: "¿Ti canto lle debes ó meu amo?". El respondeulle: "Débolle cen bocois de aceite". El díxolle: "Pois colle o teu recibo e escribe axiña cincuenta". Despois preguntoulle ó segundo: "¿Ti canto debes?". Respondeulle: "Debo cen ferrados de trigo". Díxolle el: "Pois colle o teu recibo e escribe oitenta".

O amo loou a aquel administrador inxusto pola renartería con que actuara, pois os fillos deste mundo son máis asisados nas cousas deles cós fillos da luz. Por iso eu avísovos: - Facede amigos coas riquezas inxustas, para que cando vos falten, vos acollan nas moradas eternas. Quen é fiel no pouco, tamén será fiel no moito; e quen é inxusto no pouco, tamén será inxusto no moito. Pois, se coa riqueza inxusta non sodes fieis, ¿quen vos vai confía-la verdadeira? E se no alleo non sodes fieis, ¿quen vos vai confía-lo voso? Ningún criado pode servir a dous amos, porque ou lle ten xenreira a un e ama o outro; ou ben atende a un e menospreza o outro. Non podedes servir a Deus e mailo diñeiro.